

DOMINGO
15 DE AGOSTO DE 2010

2 | OPINIÓN

Opinión

{ CANCEL A ABERTA }

Juan Gelman en Galicia



Xosé Neira Vilas

FOI UN gran acerto da Asociación de Escritores en Lingua Galega o designar Galego Universal ó poeta arxentino Juan Gelman (Buenos Aires, 1930). Díxose recentemente que é o mellor poeta actual en lingua castelán. Se a algúen lle parece moi rotunda tal afirmación podemos dicir que cando menos é un dos mellores. Pero ademais a súa obra está respaldada polo home, pola súa ética, pola súa conduta de cidadán honrado e solidario, denunciador das inxustizas.

En Buenos Aires lin del *Violín y otras cuestiones*, e marcoume o seu modo de tratar o cotián; deume unha nova dimensión da

poesía. Anos despois, na Habana, lin *Gotán e Cólera buey* e funme achegando cada vez máis ó seu verso aberto, nu, tenro, insólito.

Vino tres veces. A primeira en 1955, no Teatro del Pueblo, en Buenos Aires, que rexía Leónidas Barletta, entrañable amigo noso. Pouco antes derrocaran a Perón. Gelman non se alegraba. Dicía que tiña sido unha conxura fascista, de militares e cregos. Anos despois coincidimos na casa do poeta Atilio Castelpoggi, en Boedo, co veterano González Tuñón e Miguel Ángel Asturias. Presentáronnolo. Dixen uns eloxios dos versos de *Violín...*, e pouco máis. Anisia e máis eu mantíñamonos sempre nun segundo plano nestes casos, e o que nos importaba era escoitar. Moito despois atopámonos ocasionalmente con el na Unión de Escritores, da Habana. Estaba con Nicolás Guillén.

Máis alá do poeta áchase o loitador, o home de combate, o militante de esquerdas. Padeceu cadea e exilio. E algo peor: nos anos 70, durante a feroz tiranía dos espadóns, secuestraron o seu fillo Marcelo e a muller, Claudia, embarazada. Non os veu máis. A ela levárona a Uruguai e matárona despois de que deu a luz. Juan dedicou vinte anos á busca da neta que lle roubaran. E recupérouna, e deulle os apelidos verdadeiros.

Escriptor